

	<b>AXENDA AMENCER LUNS 10</b>
<b>Luns 10</b>	Exposición Ourense Antigo na Sala Aberta Exposición Retratos no lecer 11:30-13:30 / 17:00-20:30 Proxecto Xangal 11:30-13:30 / 17:00-20:30 Sala Aberta 11:30-13:30 Xincana de xogos: xoga en galego 12:00-13:00 Obradoiro xoga en galego 17:00-20:00 Obradoiro monicreques de castañas 22:00-23:30 Noite de cartas

#### **CÍBER , SALA ABERTA E PROXECTO XANGAL**

Mañá luns desde as 11:30 a 13:30 e desde as 17:00 ate as 20:30 h., como xa é habitual desde principios de mes, estarán en funcionamento o ciber e a Sala Aberta (con xogos de mesa, pimpón, futbolíns, revistas, información xuvenil...), ambas as dúas a disposición de calquera rapaz/a e mozo/a da nosa cidade.

#### **EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA “RETRATOS DO LECER”**

Exposición que recolle as fotos participantes na última edición do concurso de fotografía organizado pola Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia no curso 2007-2008. Está formada por unha escolma de 38 fotografías, pertencentes a 11 participantes. Son imaxes que reflicten o lecer desde distintas perspectivas e idades. Estas fotografías estarán expostas na sala dos quince anos.

#### **EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA “OURENSE ANTIGO”**

Exposición que recolle distintas imaxes da nosa cidade no pasado. Estas láminas estarán expostas na sala aberta. Pertencen a unhas lámina publicadas polo xornal “La Región”.

#### **XINCANA DE XOGOS: XOGA EN GALEGO**

Distintos xogos populares adaptados a todas as idades onde os nenos a través dun circuito coñecerán os xogos populares galegos.

#### **OBRADOIRO XOGA EN GALEGO**

Os nenos e nenas máis maiores farán un tres en raia en barro e os máis pequeniños en plastiliña.

#### **OBRADOIRO MONICREQUES DE CASTAÑAS**

Faremos distintos animais co fruto máis típico desta época: a castaña.

#### **NOITE DE CARTAS**

Para rematar o día, e para maiores de 14 anos pasaremos un bo rato xogando as cartas a distintos xogos: mus, tute...

#### **CURSO DE MONITOR DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE**

**Convoca:** Asociación Xuvenil Amencer – Escola de Tempo Libre Don Bosco

**Requisitos:** Mozos e mozas maiores de 18 anos.

**Contido:** Fundamentos de Psicoloxía, Fundamentos educativos, Habilidades específicas e de recursos, Lexislación...

**Lugar:** Locais da Asociación Xuvenil AMENCER na Praza Don Bosco 1, baixo.

**Horario:** De 9 a 14, de 16 a 21 horas.

**Data:** Fins semana de Novembro, Decembro e Xaneiro, pontes e vacacións de Nadal.